



EXPEDIENTE:	“SUBMINISTRO DE CAMIÓN CON CAIXA ABERTA BASCULANTE PARA A BRIGADA OPERATIVA DE OBRAS”
Nº DE EXPEDIENTE:	2024/ABSSUB/000003
TRÁMITE:	RESOLUCIÓN DE INICIO

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DA ÁREA DE PROMOCIÓN DA IGUALDADE, DO BENESTAR, DA SAÚDE E DA ECONOMÍA

Examinado a memoria xustificativa e informe de insuficiencia de medios promovendo o contrato que consta no expediente indicado na cabeceira, no que se xustifica a natureza e extensión das necesidades a satisfacer así como a idoneidade do obxecto e natureza do contrato para satisfacelas e a insuficiencia de medios nos termos que esixe o artigo 28.1, 30 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, que se asumen nesta resolución.

Considerando que está xustificada a necesidade de proceder a realizar un contrato de subministro para satisfacer as necesidades expostas no informe mencionado.

Resultando, que a realización do contrato de subministro mencionado na cabeceira require acordo de inicio do órgano de contratación, que no Concello de Pontevedra é a Xunta de Goberno Local de conformidade co apartado cuarto da disposición adicional segunda da LCSP, se ben a dita competencia para iniciar expedientes delegouse nesta Concellería da Área de Promoción da igualdade, do Benestar, da Saúde e da Economía mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 11 de xaneiro de 2024.

Á vista do exposto, por delegación da Xunta de Goberno Local de data 11 de xaneiro de 2024 **RESOLVO:**

Primeiro.- Acordar o inicio do expediente do contrato de subministro que se menciona na cabeceira desta resolución e considerar xustificada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden satisfacer no contrato así como a idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas.

EXPEDIENTE DO CONTRATO DE SUBMINISTRO	“SUBMINISTRO DE CAMIÓN CON CAIXA ABERTA BASCULANTE PARA A BRIGADA OPERATIVA DE OBRAS” 2024/ABSSUB/000003
ORZAMENTO	48.000,00 €
IVE	10.080,00 €





ORZAMENTO TOTAL	58.080,00 €
PRAZO DE ENTREGA DO SUBMINISTRO	4 MESES

Segundo.- Que se proceda a incorporar ao expediente os documentos que correspondan ata a formalización do contrato.

Pontevedra, na data que figura na sinatura electrónica.

